

## NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

D/D<sup>a</sup> ERNESTO RUMBO QUEIJEIRO

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 04-06-2026, ditou a resolución con número 1560/2026 que de seguido lle notifico:

### **AUTORIZACIÓN DE USO DO BEN MUNICIPAL (CIRCUITO DO MOTOR DE BÉRTOA) Á ENTIDADE CLUB RALLY CORUÑA PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE AUTOCROSS “19 AUTOCROSS CARBALLO” PARA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2026 NO CIRCUITO MUNICIPAL DO MOTOR DE BÉRTOA”.**

Club Club Rally Coruña, con nº CIF G15822596, representada por D. Ernesto Rumbo Queijeiro, con DNI núm. 76333576-A, solicita con rexistro de entrada núm. 202699900003464 do 15/05/2026, a utilización do Circuito do Motor sito en Bértoa-Carballo para a realización do “22º Autocross de Carballo. Campionato de Galicia de Autocross – Rallycross 2026.” o día 6 de xuño de 2026, no Circuito Municipal do Motor de Bértoa, en horario de 9:00 a 20:00 h.

O Circuito do Motor, obxecto desta autorización, figura incluído no inventario Municipal de Bens, aprobado polo Pleno da Corporación na finca municipal inscrita co nº 11-177 no inventario de bens do Concello de Carballo.

A vista do anterior, de acordó cos artigos 86 e 92 da Lei 33/2003, e en uso das competencias legalmente atribuídas

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Autorizar ao Club Rally Coruña, representada por D. Ernesto Rumbo Queijeiro, con DNI núm. 76333576-A, a utilización da finca municipal inscrita co nº 11-177 no Inventario Municipal de Bens do Concello de Carballo (Circuito do Motor sito en Bértoa-Carballo) para a realización do “22º Autocross de Carballo. Campionato de Galicia de Autocross – Rallycross 2026.”, no Circuito Municipal do Motor de Carballo para o sábado 6 de xuño de 2026, de 9:00 a 20:00 h.

A presente autorización comprende o uso das infraestruturas e instalacións municipais vinculadas ao funcionamento do Circuito do Motor necesarias para o desenvolvemento da proba, incluíndo a pista de competición, edificio de control, paddock, accesos, zonas de estacionamento, servizos, instalacións de abastecemento de auga e subministración eléctrica, así como aquelas outras dependencias municipais que resulten precisas para a correcta organización e desenvolvemento do evento.

Así mesmo, o Concello de Carballo porá á disposición da entidade organizadora os medios materiais municipais dispoñibles necesarios para a celebración do evento, consistentes en sinais de control de acceso ao circuito, contedores para a recollida de residuos, equipamento de megafonía e demais elementos auxiliares que se determinen polos servizos municipais competentes.

Os contenedores ao finalización da proba quedarán colocados na porta de entrada ao circutiio, para a súa recollida

Esta autorización de uso, en ningún caso supón, en ningún caso, unha transmisión do dominio nin constitución de dereito real ou persoal sobre o inmovible. A autorización ten carácter temporal, precario e revogable por razóns de interese público.

**Segundo.-** A presente autorización queda condicionada á obriga de cumprir en todo momento, durante a celebración do evento, da normativa referente á organización de eventos deportivos e resto das lexislacións sectoriais que afectan o mesmo, quedando condicionado a que cumpran tamén as seguintes condicións:

- a. As tarefas de orde e control do evento dentro do circuito corresponderán á entidade organizadora, que debe adoptar as medidas previstas no correspondente plan de seguridade vixente para o evento.
- b. As actividades do solicitante no inmovible municipal serán exercidas libremente por Club Rally Coruña, non obstante o Servizo Municipal de Deportes poderá realizar as inspeccións que considere oportunas para comprobar o cumprimento da finalidade para a que se autoriza o uso.
- c. Será necesaria durante todo horario de celebración do campionato a presenza no Circuito do Motor, dunha ambulancia con personal sanitario.
- d. O Club Rally Coruña non poderá cambiar o destino das instalacións nin utilizalas para uso distintos dos expresamente autorizados. Tampouco poderá arrendar, traspasar nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente, todo ou parte do inmovible obxecto de autorización. En todo caso, ao remate da utilización do ben municipal, quedarán extinguidos os posibles dereitos existentes sobre as instalacións obxecto desta autorización.
- e. O Club Rally Coruña queda obrigado a conservar as instalacións obxecto da autorización en bo estado, realizando, de ser o caso e logo da autorización municipal correspondente, as reparacións necesarias.
- f. O Club Rally Coruña responderá dos danos e prexuízos que poidan ocasionarse nas instalacións municipais ou a terceiros como consecuencia da celebración do evento, debendo proceder á súa reparación ou indemnización.
- g. Ao remate do evento, as instalacións deberán quedar nas mesmas condicións de limpeza e conservación nas que foron entregadas.
- h. O Concello poderá revogar ou deixar sen efecto a presente autorización por razóns de interese público debidamente motivadas, sen que iso xere dereito a indemnización.
- i. En toda a publicidade e material divulgativo do evento deberá figurar a colaboración do Concello de Carballo, de conformidade coa imaxe institucional que lle sexa facilitada.
- j. O Club Rally Coruña, representada por D. Ernesto Rumbo Queijeiro, con DNI núm. 76333576-A declara que ten en vigor:

1. Un seguro de responsabilidade civil que cubra todos os danos que poidan derivarse, por acción ou omisión, do uso das instalacións durante a celebración do campionato, comprometendose a mantelo en vigor e ao corrente de pagamento durante toda a duración da autorización. O seguro de responsabilidade civil deberá acreditar con carácter previo a celebración da proba a vixencia do correspondente seguro, incluído o xustificante de pago.

2. Un seguro de accidentes deportivos ou licenza deportiva para cubrir a totalidade das persoas participante no campionato, comprometendose igualmente a mantelo en vigor durante a celebración do evento. Non poderá

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2026/D003/000001

Exp. 2026/G003/001692

participar ningún piloto que non teña licenza deportiva ou seguro de accidentes en vigor.

3. Un plan de autoprotección do Campionato Galego de Auotcross, debidamente aprobado e implantado.

- k. O Club Rally Coruña, como entidade sen ánimo de lucro, non está en relación de dependencia respecto do Concello de Carballo, nin éste dirixe as actividades desenvolvidas no inmovible obxecto desta autorización de uso. A administración municipal, propietaria do inmovible, sen perxuízo da responsabilidade que legalmente puidera corresponder ao Concello de Carballo, nos supostos previstos no ordenamento xurídico dos danos materiais, personais ou morais que por acción ou omisión de calquera natureza poideran producirse nas instalacións obxecto desta autorización.
- l. O Club Rally Coruña comprométese a presentar unha memoria de execución da proba no prazo máximo de quince (15) días naturais desde a celebración do evento na que se reflicten os datos de participación, incidencias producidas e valoración xeral da proba.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Mediante este documento notifícasele a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal de Instancia da Coruña, sección do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto, sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria

Marina Núñez Orjales